

## HOMOSEXUALIDADE



*“Nós mesmas temos que ser o cambio que queremos ver no mundo”.*

**Audrey Lorne**

Seguramente ningunha afirmación coma esta, feita por **unha poetisa americana, negra, lesbiana**, ningunha afirmación, digo, define mellor que esta **o sentido último de facer políticas avanzadas, políticas de cambio**.

Os **cambios sociais**, o **avance** da nosa sociedade, a **liberdade** feita acción política, decisión política, ten que estar en cada un de nós.

As **ansias de igualdade** entre as persoas, a loita polos **dereitos humanos**, pola **dignidade** de cada persoa en cada lugar do mundo, ten que estar **dentro de cada un de nós**.

E seguramente dúas loitas por dereitos e pola igualdade foron as que mellor definiron este compromiso individual e colectivo có progreso do mundo.

As **loitas feministas**, as que conseguiron que as mulleres ó fin tivéramos os mesmos **espacios de participación, de traballo, de formación**. A loita protagonizada por milleiros de mulleres e de homes comprometidos con **unha sociedade nova, libre e xusta** supuxo a **grande revolución do ser humano**, unha revolución que partía dun compromiso individual coa liberdade, coa xusticia, coa solidarizade, **pero sobre todo có futuro da humanidade**.

Décadas despois, os gays, lesbianas, bisexuais e transexuais protagonizaban outra **fermosa loita pola igualdade**, nacida tamén de cada un de eles, do **progreso social** entendido como resultado de progreso de cadaquén, da súa aceptación, **da súa propia realidade**.

Homes e mulleres que **só querían ser como eran e ter os mesmos dereitos que o resto das persoas**. Que só ansiaban que o mundo fora un lugar de liberdade e de igual dignidade, tamén para eles.

Unha e outra revolución están **aínda inconclusas**, pero non cabe dúbida que sen todos eles, sen os seu sacrificio, o seu esforzo, a súa seguridade (e tamén as dúbidas), este mundo sería un pouco ( un moito) máis inxusto, máis atrasado, máis escuro... **un pouco peor**.

**España non chegou moi puntual á cita coa igualdade para as mulleres**. Tardamos décadas en incorporar medidas que nos permitiran construír, dende a igualdade, un país máis forte, onde non se desprezara á metade da poboación.

Agora, coa perspectiva do tempo podemos valorar mellor o **traballo de tantas e tantas**, o valor das **iniciativas ás veces incomprendidas** e asomámonos ó século XXI con **Leis progresistas, innovadoras e valentes**. **Estamos puntuais, agora si, pero espertas para seguir traballando**.

Por primeira vez España con **certa puntualidade a outra cita coa igualdade**.

Con certa puntualidade, porque, efectivamente, como di a PNL, **moito queda aínda por facer** no eido da igualdade real. Pero non é menos certo que o **avance lexislativo** na percura da **igualdade de dereitos** é a peza fundamental sobre a que construír unha sociedade na que todos e todas nos recoñezamos e vexamos reflectidas as nosas eivas (ansias, desexos..)

**Pedro Zerolo**, concelleiro de Madrid e líder do movemento de gays, lesbianas, bisexuais e transexuais dicíao o outro día na Coruña: “non loitamos por casarnos ou por adoptar, senón **pola nosa dignidade**, por ter os mesmos dereitos e que estes se nomeasen o mesmo que os dos demais”

Para iso, para igualar os dereitos, para que o **edificio institucional e normativo** estivera completo, para que nos albergara a todos e todas, foi transcendental a **reforma do Código Civil** que permitía, entre outras cousas, o matrimonio entre persoas do mesmo sexo.

Pero como se di na PNL, persisten **comportamentos, perxuicios, actitudes** que **exclúen, insultan ou menosprecian** ás persoas pola súa condición de gay, lesbiana, bisexual ou transexual.

Persisten vendas en moitos ollos que lles impiden ver que unha **sociedade forte** é aquela que dota de **dereitos e liberdade** a tódolos seus individuos, que permite o **desenrolo persoal, educativo, afectivo** de tódalas persoas, que respalda a súa **integración social**.

Unha sociedade forte é a que se recoñece **diversa e tolerante**, a que converte á **cidanía** na súa única bandeira.

Por iso concordamos có sentido da PNL, coa necesidade de seguir afondando na eliminación de estereotipos que exclúen, que impiden o exercicio da libre elección.

Precísanse **campañas de sensibilización**, que axuden a quitar vendas dos ollos cegos.

Precísanse revisar os **contidos das informacións** dos medios de comunicación, na publicidade, no traslado dende a comunicación da **imaxe** da homosexualidade e a transexualidade.

Precísase escoitar a **voz de repulsa** dende as institucións, contra os ataques ás persoas, contra as discriminacións, contra os ataques á liberdade..

Precísase mellorar a **formación** dos nosos mozos e mozas, no respecto ós demais, na tolerancia, na comprensión, no acordo, mesmo no desacordo.. Benvida esa **“Educación na cidadanía”** que nos permitirá que os nosos fillos aprendan tamén o sentido de palabras ben fermosas: democracia, tolerancia, igualdade, liberdade..

O sábado 30 de xuño, polas rúas de Madrid escoitaremos a **voz do orgullo**. Do **orgullo europeo** este ano. Escoitaremos a música, a ledicia, a reivindicación, pero seguramente por riba de todo, escoitaremos, esta vez o **orgullo de formar parte de un país** valente e solidario, dun país real, diverso e igual en dereitos.

Lonxe aquelas palabras de **Virginia Wolf**, cando por primeira ve lera **“A Chloe gustalle Olivia, é a primeira vez na historia da literatura que se dicía que a Chloe gustaballe Olivia”**.

Moito queda por facer na **igualdade real**, nos comportamentos diarios, nos nosos ollos, pero sen dúbida este será **un ano menos na percura desa igualdade**, con un instrumento poderoso para construír esa igualdade e con un **orgullo especial**, o de formar parte da sociedade que entendeu que **nesto dos dereitos non estaba todo construído e decidiu respostar ó reto**.